



## ANEXO

### **CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E A FUNDACIÓN MONTE DO GOZO PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA “ACOUGO” NO PROXECTO HOME DE ATENCIÓN, REHABILITACIÓN E REINSERCIÓN SOCIAL DE PERSOAS ADICTAS**

#### **MEMORIA XUSTIFICATIVA**

O director xeral de Inclusión Social da Consellería de Política Social,

#### **DECLARA:**

Que a Consellería de Política Social ten previsto formalizar coa Fundación Monte do Gozo o convenio de colaboración arriba referido por un período de vixencia que abrangue desde a data da súa sinatura ata o día 31 de decembro do ano 2020, financiándose, sen embargo, os gastos realizados dende o 1 de xaneiro do actual exercicio.

Que o convenio de colaboración ten por obxecto a realización por parte da Fundación Monte do Gozo dunha serie de actuacións encamiñadas a inserción sociolaboral de persoas con Patoloxía Dual, a través do Programa “Acougo”, englobadas no Proxecto Home de atención, rehabilitación e reinserción social de persoas adictas.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes para a consecución do obxecto referido.





Que o convenio de colaboración que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

A concesión directa da axuda prevista neste convenio de colaboración xustifícase por estar recollida nominativamente nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2020, de acordo co establecido no artigo 19.4.a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado por Real decreto lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do convenio de colaboración que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria en Santiago de Compostela, a 5 de febreiro de 2020.

